Sobre a postura do Goberno galego en relación co proxecto eólico da empresa Driza Green Partners que afecta 19 concellos galegos repartidos entre as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo

- 50738 - 26485 (12/PRE-008845)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a continuidade do máster en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50734 - 27136 (12/PRE-008913)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre o tipo de actividades que poderán participar no sistema voluntario de créditos de carbono

- 50733 - 27553 (12/PRE-008970)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites destinados a dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, das instalacións deportivas cubertas que foron anunciadas no ano 2023

- 50752 - 17588 (12/PRE-009600)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a información relativa aos contratos asinados nos últimos quince anos pola Administración autonómica coa empresa Tragsatec

- 50750 - 21841 (12/PRE-010116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre o nivel de contaminación producido pola actividade industrial que se desenvolve no polígono das Somozas e o control medioambiental que nel está a exercer a Xunta de Galicia

- 50748 - 24872 (12/PRE-010500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos efectos sobre o patrimonio natural, paisaxístico, cultural e humano dos proxectos eólicos que está a tramitar nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén e a súa eventual paralización

- 50747 - 24963 (12/PRE-010517)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego canto ao seu compromiso de recuperar a terceira unidade de educación infantil do CEIP San Clemente, do concello de Caldas de Reis, para o vindeiro curso 2025-2026

- 50745 - 25062 (12/PRE-010533)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre a política eólica do Goberno galego, a admisión a trámite polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da reclamación da empresa Fergo Galicia Vento S. L. pola anulación da autorización do seu proxecto na serra do Oribio e os fondos públicos destinados ao pagamento de indemnizacións derivadas destas anulacións

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50744 - 25348 (12/PRE-010591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre as razóns que fundamentan o convenio coa Fundación San Rosendo, anunciado o 9 de setembro, destinado a un determinado programa de turismo termal, os procedementos seguidos, o papel da área termal e sanitaria e os mecanismos de avaliación

- 50742 - 25358 (12/PRE-010596)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Pérez López, José Daniel
Sobre o estado do cámping de titularidade autonómica localizado en Medelo, no concello de Silleda, e o criterio da Xunta de Galicia ante unha posible restauración das instalacións para novos usos

- 50741 - 26393 (12/PRE-010746)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación co proxecto eólico da empresa Driza Green Partners que afecta 19 concellos galegos repartidos entre as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo

- 50737 - 26488 (12/PRE-010759)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as razóns para non manter o máster en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e o establecemento dun equilibrio nos criterios normativos que atinxen ás universidades privadas e públicas de Galicia

- 50735 - 27135 (12/PRE-010824)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre o sistema voluntario de créditos de carbono, as actividades que estarán involucradas nel, os prazos para a súa posta en marcha e as características da súa xestión

- 50732 - 27554 (12/PRE-010886)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites destinados a dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, das instalacións deportivas cubertas acordadas co Concello de Ferrol no ano 2023

- 50721 - 29073 (12/PRE-010947)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o número de convocatorias de concursos de traslados nas escalas de enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, arquitectos e arquitectos técnicos da Xunta de Galicia, a cobertura de vacantes por interinidades e o dereito á posesión definitiva de postos adxudicados

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50706 - 30462 (12/PRE-011035)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Abalde Alonso, Julio Ernesto
Sobre as medidas adoptadas e as previsións que ten o Goberno galego en relación co concurso de traslados convocado en febreiro de 2024, así como sobre as solicitudes de información das persoas participantes respecto dos recursos e os efectos das sentenzas que afectan as prazas do concurso

- 50631 - 30536 (12/PRE-011040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel
Sobre os datos de que dispón o Goberno galego en relación co estado da tramitación e coas alegacións presentadas ao parque eólico Seixo, así como sobre a valoración que fai a Xunta do seu impacto medioambiental e do proxecto no seu conxunto

- 50627 - 32566 (12/PRE-011099)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos programas de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero (mulleres ou menores)

- 50618 - 33180 (12/PRE-011141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre a actuación da Xunta de Galicia no incendio forestal orixinado en Larouco e as responsabilidades que pensa asumir na extinción deste lume aínda activo no vertedoiro da Rúa

- 50614 - 33199 (12/PRE-011144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel
Sobre o estado da tramitación dos parques eólicos do expediente PEol-913 AC, as alegacións en contra dos proxectos e os condicionantes que vai ter en conta a Xunta de Galicia na emisión do seu informe

- 50612 - 33794 (12/PRE-011196)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre o problema da contaminación da parroquia do Contrasto, no concello do Porriño, por residuos de lindano e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 50607 - 34414 (12/PRE-011250)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a contía da partida orzamentaria que recibe Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e a eventual existencia de informes que consideran apropiado mantela en 2,6 millóns anuais

- 50605 - 34418 (12/PRE-011251)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a contía prevista nos orzamentos da Comunidade Autónoma de 2026 destinada a Santiago de Compostela en concepto de capitalidade e as razóns que fundamentan a súa fixación

- 50600 - 34767 (12/PRE-011287)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a transparencia no emprego do mecanismo extraordinario das comisións de servizos como fórmula de cobertura de postos de traballo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as previsións do Goberno galego no que atinxe á priorización dos procedementos ordinarios

- 50585 - 35307 (12/PRE-011440)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a postura que prevé adoptar o Goberno galego ante a oferta da condonación, por parte do Goberno central, de 4.010 millóns de euros da débeda pública de Galicia

- 50584 - 35308 (12/PRE-011441)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da postura das deputadas e dos deputados do Partido Popular de Galicia nas Cortes Xerais ante o proxecto de lei relativo á proposta de quitación de débeda pública autonómica

- 50583 - 35309 (12/PRE-011442)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do nivel de obxectividade da metodoloxía aplicada polo Goberno de España na proposta para a quitación de débeda pública autonómica

- 50582 - 35310 (12/PRE-011443)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre o eventual compromiso do Goberno galego para elaborar, no caso de solicitar a quitación de débeda pública, unha proposta destinada a configurar un novo sistema de financiamento autonómico para Galicia

- 50581 - 35311 (12/PRE-011444)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa súa política de beneficios fiscais, especialmente no imposto sobre sucesións e doazóns e no de grandes fortunas

- 50579 - 35539 (12/PRE-011480)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a venda de gando maior e becerros fóra do país, manter o ciclo produtivo propio na produción de carne de vacún e protexer as razas autóctonas

- 50577 - 35604 (12/PRE-011491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre os posibles erros ou deficiencias existentes na resolución na que se ofrecen as prazas para a elección de destino dos enxeñeiros agrónomos e enxeñeiros técnicos agrícolas que superaron as últimas oposicións

- 50574 - 36041 (12/PRE-011621)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do proxecto eólico promovido por Driza Green Partners e que atinxe a dezanove concellos galegos

- 50571 - 36239 (12/PRE-011653)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre a postura da Xunta de Galicia na tramitación do Anteproxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC. AA. de réxime común

- 50567 - 36305 (12/PRE-011661)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego canto á mellora do sistema de concursos de traslados na Administración autonómica de Galicia

- 50617 - 36310 (12/PRE-011662)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do seu compromiso cos centros educativos da cidade da Coruña

- 50565 - 37522 (12/PRE-011831)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Chao Rivas, Saleta
Sobre os criterios considerados na contratación do videoclip do tema musical *Galicia tiene flow* para a promoción turística de Galicia e o seu encaixe nos obxectivos da Estratexia de turismo de Galicia 2030

- 50564 - 38200 (12/PRE-011903)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel
Sobre a acumulación de refugallos asfálticos producida á beira do río Baa, na contorna do polígono de Vilar do Colo, en Cabanas, e as actuacións e previsións da Xunta de Galicia ao respecto

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50558 - 39182 (12/PRE-012024)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar
Sobre os problemas de cobertura nos concellos galegos das prazas de funcionarios con habilitación de carácter estatal e a postura do Goberno galego respecto da opción de demandar as competencias para a súa xestión

- 50555 - 39341 (12/PRE-012047)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á xestión e á axilización dos concursos de traslados do persoal funcionario dentro da Administración autonómica

- 50699 - 39448 (12/PRE-012091)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á dotación do IES Concepción Arenal, de Ferrol, dunha pista deportiva cuberta e as solucións provisionais que pensa habilitar para a impartición de Educación Física nun espazo cuberto

- 50698 - 39451 (12/PRE-012092)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción no IES Concepción Arenal, de Ferrol, da anunciada pista deportiva cuberta

- 50697 - 39454 (12/PRE-012093)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as visitas técnicas realizadas polo Goberno galego ao IES Concepción Arenal, de Ferrol, para avaliar a localización da anunciada pista deportiva cuberta e as súas conclusións

- 50696 - 39458 (12/PRE-012094)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre os motivos de que a pista deportiva cuberta comprometida en 2023 para o IES Concepción Arenal, de Ferrol, non apareza en ningún orzamento da Xunta de Galicia e a posibilidade de incluíla nunha partida específica dos orzamentos de 2026

- 50695 - 39461 (12/PRE-012095)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as garantías que pode ofrecer a Xunta de Galicia respecto da execución, antes do remate do presente curso, da pista deportiva cuberta comprometida para o IES Concepción Arenal, de Ferrol

- 50694 - 39464 (12/PRE-012096)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a información que prevé transmitir a Xunta de Galicia á comunidade educativa do IES Concepción Arenal, de Ferrol, sobre os avances e as previsións canto á construción da pista deportiva cuberta do centro

- 50693 - 39465 (12/PRE-012097)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o compromiso adquirido pola Xunta de Galicia en 2023 para dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, dunha pista deportiva cuberta e a situación actual do centro respecto desta infraestrutura

- 50541 - 42038 (12/PRE-014127)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a calidade da atención, as condicións de seguridade e o estado das instalacións do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol, así como as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 50540 - 42204 (12/PRE-014270)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria
Sobre o estado das instalacións, a organización do traballo e a calidade da atención da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, así como sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ao respecto

- 50539 - 43190 (12/PRE-014671)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as datas previstas pola Xunta de Galicia para construír unha residencia de maiores no concello de Oza-Cesuras

- 50727 - 28564 (12/PRE-014735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de negociar co Goberno central unha quitación da débeda pública autonómica

- 50725 - 28599 (12/PRE-014749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a concesión de axudas e subvencións por parte do Goberno galego aos concellos co único criterio, nas bases das convocatorias, da cronoloxía de entrada das solicitudes

- 50722 - 29072 (12/PRE-014875)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as posibles consecuencias da ausencia de convocatorias regulares de concursos de traslados e de nomeamentos provisionais das persoas que superaron os procesos selectivos na Administración autonómica

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50719 - 29165 (12/PRE-014900)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 2 máis
Sobre a incidencia da construción da liña de alta tensión Bustelo-Meirama ao longo do territorio que atravesa

- 50715 - 29579 (12/PRE-015013)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións para o financiamento autonómico

- 50713 - 29765 (12/PRE-015053)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a previsión que ten a Xunta de Galicia canto á dotación de orzamentos destinados a avanzar na conectividade dixital no territorio galego

- 50712 - 29777 (12/PRE-015059)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á dotación de material e ao impulso dos trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

- 50710 - 29779 (12/PRE-015060)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as axudas previstas polo Goberno galego para protexer a produción da faba de Lourenzá

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 341, fascículo 5, do 26 de febreiro de 2026, das preguntas orais en comisión

Advertido un erro na citada publicación, procédese á súa corrección nos seguintes termos:
Nas páxinas 187960, no sumario, e 187967, onde di:

«1. Procedementos parlamentarios
1.4. Procedementos de información

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4.4. Preguntas
1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación»

Debe dicir:

«1. Procedementos parlamentarios
1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.2. Preguntas orais en comisión
Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación»

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10925**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Daniel Pérez López e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as razóns que fundamentan o convenio coa Fundación San Rosendo, anunciado o 9 de setembro, destinado a un determinado programa de turismo termal, os procedementos seguidos, o papel da área termal e sanitaria e os mecanismos de avaliación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo De Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Fundación San Rosendo sempre tivo no desenvolvemento termal unha das súas inquietudes máis relevantes. Co dito obxectivo e o de promover o desenvolvemento do medio rural e frear o seu abandono, impulsou a posta en valor dos recursos mineromedicinais mediante a apertura de tres balnearios en Arnoia, Laias e Lobios.

Así mesmo, a Fundación San Rosendo, co obxectivo de promover o envellecemento activo en Ourense, promoveu o Proxecto Experiencia Activa como espazo de coñecemento e reflexión para contribuír a mellorar a atención das persoas maiores e colectivos desfavorecidos. Este coñecemento constrúese a partir das prácticas e experiencias que o equipo de profesionais da Fundación San Rosendo reuniu, ao longo de máis de 20 anos.

O obxecto do convenio ao que se refire a pregunta foi o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación San Rosendo para a creación dun programa terapéutico termal, coa finalidade de impulsar o turismo de benestar e destinado as persoas con necesidades terapéuticas especiais.

O desenvolvemento do programa tivo lugar nos balnearios de Arnoia, Laias e Lobios desde o 6 de setembro ata o 15 de decembro.

Incluíase o tratamento correspondente, e unha oferta de actividades na contorna próxima ao aloxamento, potenciando o produto local ou de proximidade. Isto supón tamén accións de promoción do turismo da zona, mellorando o seu coñecemento polo visitante e fomentando o uso e consumo de recursos turísticos, así como a creación de paquetes turísticos de calidade, recollendo unhas condicións económicas mais beneficiosas que faciliten a súa comercialización neste colectivo".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50756
Data envio: 15/02/2026 20:33:01.495

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50756
Data envio: 15/02/2026 20:33:01.495

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:01**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8309**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Oscar Insua Lema, sobre **"o grao de cumprimento dos obxectivos de reutilización e reciclaxe fixados para o ano 2020"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Galicia traballa cunha planificación clara, ten ferramentas e ten unha estratexia rigorosa para cumprir cos obxectivos fixados para 2030.

Galicia está a actuar. Como ben indican, entre 2018 e 2020 puxéronse en marcha un paquete de actuacións, incluíndo diagnose, campañas educativas, apoio a grandes produtores, compostaxe, prevención e creación dunha rede de preparación para a reutilización, recollidas no contrato que citan na pregunta parlamentaria.

Estas actuacións complementáronse con melloras nas infraestruturas de SOGAMA e reforzo de sistemas municipais, apoio técnico e financeiro continuado aos concellos para a implantación do contedor marrón e creación dunha das redes máis estendidas de compostaxe doméstica e comunitaria, con miles de composteiros distribuídos. Todas elas serviron tamén de base para o diagnóstico de necesidades do novo instrumento de planificación.

Así, estas liñas de traballo continúan hoxe dentro do Plan de Xestión de Residuos 2030, que responde precisamente ás carencias detectadas e establece unha estratexia sólida centrada na recollida separada, na prevención e na mellora das infraestruturas, no que a Xunta de Galicia está a avanzar para implementar unha xestión máis eficiente e sostible dos residuos municipais, aliñada cos principios da economía circular.

Cómpre destacar, como unha das actuacións máis relevantes deste plan, a creación e posta en marchada Oficina de Economía Circular Municipal (OEC Municipal). Trátase dunha ferramenta clave que permitirá ofrecer apoio técnico permanente aos concellos, harmonizar modelos de recollida e impulsar proxectos locais de prevención, reutilización e compostaxe.

A OEC Municipal responde a unha necesidade histórica detectada no desenvolvemento dos plans anteriores: un órgano estable que axude aos concellos —sobre todo aos máis pequenos— a cumprir cos novos requisitos europeos".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:33:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50762
Data envio: 15/02/2026 20:33:37.728

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50762
Data envio: 15/02/2026 20:33:37.728

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:37**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8327**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Luis Bará Torres, sobre **"as actuacións que eventualmente pensa impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de recuperar e protexer a lamprea nos ríos Miño e Tea na comarca do Condado-A Paradanta"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O exercicio da pesca no tramo internacional do río Miño (TIRM) está regulado segundo as disposicións contidas no Acordo entre o Reino de España e a República Portuguesa, sendo a Comisión Permanente Internacional do Río Miño (CPIRM) a responsable dos asuntos relacionados coa regulación das distintas modalidades de pesca. O TIRM ten asociada unha intensiva actividade extractiva que ten na anguía e na lamprea os seus principais recursos.

No caso do río Tea, practícanse técnicas tradicionais de pesca continental de carácter etnográfico, en estacadas, regulándose as autorizacións para a pesca de lamprea mediante unha normativa específica que publica anualmente a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Dada a situación actual das especies migradoras, foi necesaria unha actuación conxunta e coordinada para mellorar o hábitat fluvial e o estado das poboacións de peixes migradores.

Estas actuacións e o estudio das posibles medidas téñense materializado no proxecto MIGRA MIÑO – MINHO , que intenta contribuír a reverter esta situación a través da cooperación harmonizada entre diferentes institucións con competencias en conservación e xestión de cuncas de Galicia e Portugal.

A través deste proxecto tense apoiado a conservación e a protección do medio ambiente mediante a mellora do estado de conservación dos hábitats fluviais e das especies de peces migradores. Esta mellora materialízase en accións e intervencións concretas na recuperación da hidromorfoloxía de varios ríos afluentes do río, e en accións concretas de conservación de peixes migradores. Todas elas son actividades de protección da biodiversidade e dos ecosistemas fluviais.

Sen prexuízo de que os problemas que parece sufrir a lamprea semellan mais relacionados coa súa fase mariña, como non podería ser doutro xeito, desde a Xunta existe total disposición á colaboración interadministrativa que considere necesaria a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, como organismo que ostenta a competencia na xestión da conca hidrográfica".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:33:29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50761
Data envio: 15/02/2026 20:33:32.231

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50761
Data envío: 15/02/2026 20:33:32.231

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:31**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50760
Data envio: 15/02/2026 20:33:26.413
Data 15/02/2026 20:33

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8376**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Paulo Ríos Santomé e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"a autorización dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro, que afectan os concellos de Moraña, Campo Lameiro, Barro, Cerdedo-Cotobade e Pontevedra e que comparten infraestruturas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Estes expedientes foron arquivados a solicitude do promotor. O expediente do PE Zudreiro foi arquivado en xullo de 2024 e o expediente do PE Anduriña en xullo de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:33:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50760
Data envío: 15/02/2026 20:33:26.413

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:26**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50759
Data envío: 15/02/2026 20:33:19.961
Data 15/02/2026 20:33

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8396**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Luis Bará Torres, sobre **"o control do nivel de afección ao medio e á saúde da actividade que realiza a empresa Betanzos HB, situada en Infesta, concello de Betanzos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A empresa dispón dunha autorización como xestor de valorización de residuos non perigosos co núm. SC-I-NP-XV-00267 mediante o proceso de trituración de residuos de madeira e co núm SC-I-NP-XV-00268 mediante o proceso de valorización enerxética en caldeira de combustión.

Co proceso da trituración de residuos de madeira valoriza os seguintes residuos:

Residuos de silvicultura (código LER 020107)

Residuos de casca e cortiza (código LER 030101)

Residuos de casca e madeira (código LER 030301)

Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 030104* (código LER 030105)

Madeira distinta da especificada no código 200137* (código LER 200138)

Co proceso da valorización enerxética valoriza os seguintes residuos:

Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 030104* (código LER 030105)

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realiza inspeccións, tanto programadas como non programadas. En concreto, para esta instalación realizáronse diversas inspeccións nos últimos anos. Na actualidade, Augas de Galicia ten en tramitación tres expedientes sancionadores en materia de vertidos relacionados coa empresa indicada, sobre os que non consta resolución firme".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:33:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50759
Data envio: 15/02/2026 20:33:19.961

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:19**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10924**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, don Daniel Pérez López e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"os criterios técnicos e económicos que seguiu o Goberno galego para aprobar cunha única empresa un convenio dun millón de euros destinado a un programa de turismo termal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo De Galicia** en colaboración coa **Secretaría Xeral da Presidencia**, que ten o seguinte contido:

"A Fundación San Rosendo sempre tivo no desenvolvemento termal unha das súas inquietudes máis relevantes. Co dito obxectivo e o de promover o desenvolvemento do medio rural e frear o seu abandono, impulsou a posta en valor dos recursos mineromedicinais mediante a apertura de tres balnearios en Arnoia, Laias e Lobios.

Así mesmo, a Fundación San Rosendo, co obxectivo de promover o envellecemento activo en Ourense, promoveu o Proxecto Experiencia Activa como espazo de coñecemento e reflexión para contribuír a mellorar a atención das persoas maiores e colectivos desfavorecidos. Este coñecemento constrúese a partir das prácticas e experiencias que o equipo de profesionais da Fundación San Rosendo reuniu, ao longo de máis de 20 anos.

O obxecto do convenio ao que se refire a pregunta foi o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación San Rosendo para a creación dun programa terapéutico termal, coa finalidade de impulsar o turismo de benestar e destinado as persoas con necesidades terapéuticas especiais.

O desenvolvemento do programa tivo lugar nos balnearios de Arnoia, Laias e Lobios desde o 6 de setembro ata o 15 de decembro.

Incluíase o tratamento correspondente, e unha oferta de actividades na contorna próxima ao aloxamento, potenciando o produto local ou de proximidade. Isto supón tamén accións de promoción do turismo da zona, mellorando o seu coñecemento polo visitante e fomentando o uso e consumo de recursos turísticos, así como a creación de paquetes turísticos de calidade, recollendo unhas condicións económicas mais beneficiosas que faciliten a súa comercialización neste colectivo".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:33:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50757
Data envío: 15/02/2026 20:33:07.343

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50757
Data envio: 15/02/2026 20:33:07.343

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:33:07**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 12360**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Daniel Pérez López, sobre **"as alternativas de actuación que manexa a Xunta de Galicia ante o estado das instalacións do cámping de titularidade autonómica localizado en Medelo, no concello de Silleda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo De Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª, Industria, Enerxía; Comercio e Turismo, na sesión celebrada o 29 de abril de 2025 no debate da iniciativa con número de rexistro 12361, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O video da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Y2YzZWJhOWUtYzk3My00YzJmLTk3YTQtMDA1ZDE3MWQ3MTZj&start=376

O proxecto do camping, iniciado en 1993 a petición do concello de Silleda, atravesou ao longo dos anos diversos trámites administrativos e dificultades legais que derivaron nun longo período de inactividade. Tras diferentes intentos de reactivación, en 2019 retomouse a colaboración entre a SA Xacobeo e o Concello de Silleda, e pasada a pandemia volveron iniciarse contactos para a súa recuperación.

Na actualidade, a Axencia Turismo de Galicia e o concello continúan traballando nun plan de uso para o espazo, mentres a Xunta executa actuacións de limpeza e seguridade para garantir o mantemento básico do recinto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50754
Data envio: 15/02/2026 20:32:50.204

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:32:49**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7082**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as razóns e as consecuencias do atraso na aprobación da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, así como respecto das previsións que ten a Xunta canto á súa aprobación e o seu orzamento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A aprobación da Estratexia de Infraestrutura Verde foi aprobada no Consello da Xunta en outubro de 2024.

Galicia foi entón a primeira comunidade autónoma en aprobar una Estratexia de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que ten como obxectivo a creación dunha rede de espazos e elementos que melloren a resiliencia ante o cambio climático, contribúan á conservación da biodiversidade e beneficien ás poboacións das contornas.

A infraestrutura verde é unha iniciativa promovida pola Comisión Europea orientada a integrar, fortalecer e propiciar un uso racional dos elementos territoriais acorde cos compromisos adquiridos na Estratexia de Biodiversidade e nos distintos regulamentos e directivas que inciden no medio ambiente. Nesa liña, busca a integración entre as necesidades de conservación de determinadas áreas e o uso sostible dos recursos naturais, a través dun marco básico e adaptativo de planificación sustentado nunha zonificación territorial homoxénea para todo o territorio europeo.

Deste xeito, a finalidade desta iniciativa é crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural. Para iso deseñarase unha planificación que permita conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e á sostibilidade do planeta. Ademais, reforzarase a posición de Galicia como refuxio climático e como destino turístico verde e sostible".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50768
Data envio: 15/02/2026 20:34:12.577

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:34:12**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50767
Data envío: 15/02/2026 20:34:07.145
Data 15/02/2026 20:34

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7172**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, don Paulo Ríos Santomé e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as previsións respecto da tramitación dos proxectos eólicos Anduriña e Zudreiro, promovidos por Green Capital na área de desenvolvemento eólico do monte Acibal, e das accións de protección ambiental e cultural dese territorio repartido entre varios concellos da contorna de Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Estes expedientes foron arquivados a solicitude do promotor. O expediente do PE Zudreiro foi arquivado en xullo de 2024 e o expediente do PE Anduriña en xullo de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/02/2026 20:34:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50767
Data envío: 15/02/2026 20:34:07.145

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/02/2026 20:34:06**

CSV: BOPGDSPG-XVQGbNp2Q-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

